



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Medio ambiente e calidade	Código	610G01037	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación	Andrade Garda, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es	
Profesorado	Andrade Garda, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es	
	Lopez Mahia, Purificacion		purificacion.lopez.mahia@udc.es	
Web	http://campusvirtual.udc.es			
Descrición xeral	É unha materia que versará sobre os principais contaminantes, as súas fontes e efectos no medio ambiente, así como a lexislación aplicable en cada medio. Adquisición dos coñecementos básicos relacionados cos sistemas de xestión de calidade e ambientais. Identificación de problemas ambientais e aplicación de estratexias químico-analíticas para a súa avaliación. Interpretación de datos ambientais de acordo coa lexislación e/ou normativas específicas. Realizarase unha introdución aos sistemas de Xestión de Calidade e de Xestión Ambiental. Discutirase que debe entenderse como calidade dun laboratorio e presentaranse algunhas ferramentas típicas para o control da calidade e ambiental.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber identificar os principais contaminantes e as súas fontes. Saber identificar e predecir os efectos no medio. Saber identificar e aplicar a lexislación aplicable en cada medio.	A15	B2	C3
Saber establecer estratexias químico-analíticas para a avaliación da calidade ambiental dun medio (dende a mostraxe até a interpretación de datos).	A16	B3	C4
	A17	B4	
	A19		
	A23		
Saber os principios básicos dos sistemas de Xestión de Calidade e de Xestión Medioambiental segundo os modelos internacionais. Saber interpretar a información derivada de ditas ferramentas. Saber identificar a importancia dos recursos humanos.	A14	B3	C1
	A16	B4	C3
	A26	B5	C7
	A28	B6	
		B7	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Química Analítica do Medio Ambiente.	Natureza e campo de aplicación. Definición e tipos de contaminación. Necesidade da Química Analítica nos problemas medioambientais. Tipos de análises. Nocións sobre lexislación medioambiental.
Tema 2. Principais contaminantes atmosféricos. Control analítico da contaminación atmosférica.	Contaminación atmosférica: emisión e inmisión. Principais contaminantes e as súas fontes. Efectos no medio ambiente e na saúde. Parámetros de calidade do ar. Redes de vixilancia e control. Lexislación específica. Toma de mostra. Investigación analítica dos principais contaminantes na atmosfera.



Tema 3. Principais contaminantes do medio acuático. Control analítico da contaminación no medio acuático.	Caracterización físico-química das augas. Parámetros de calidade das augas. Principais contaminantes e a súa orixe. Lexislación específica. Toma de mostra: augas, sedimentos e organismos. Investigación analítica dos principais contaminantes en augas.
Tema 4. Principais contaminantes no chan e na vexetación: fontes e efectos. Control analítico da contaminación.	O solo como receptor de verquidos e residuos. Orixe, transporte e destino dos principais contaminantes. Lexislación específica. Toma de mostra: solo e vexetación. Investigación analítica dos principais contaminantes.
Tema 5. A calidade no laboratorio químico	Calidade dun laboratorio de análise. Perspectiva do cliente. Perspectivas do laboratorio/empresa. A calidade como proceso.
Tema 6. Introdución aos Modelos Internacionais para a Xestión da Calidade	Definición formal de calidade. ISO 9000, ISO 17025. Aspectos fundamentais que contemplan ambas normas. Algunhas dificultades habituais. Discusión dalgúns aspectos críticos que configuran a calidade dun laboratorio. Ferramentas básicas empregadas no control da calidade: diagramas de Pareto, de Ishikawa, de afinidade. Cartas de control. Outras ferramentas.
Tema 7. Introdución aos Sistemas Internacionais de Xestión medioambiental	Importancia da empresa na protección ambiental. A idea de Taguchi: calidade e Sociedade. Introdución aos modelos ISO 14000 e Europeo de Autoxestión e Autocontrol, EMAS.
Prácticas de laboratorio	Abordarán o proceso analítico da forma máis completa posible, dende a toma de mostra até a interpretación do resultado. Versarán sobre problemas reais dentro do campo medioambiental.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A15 A16 B2 B3 B4 B5 B7 C3	7	17.5	24.5
Prácticas de laboratorio	A17 A19 A23 A26 B7	9	25	34
Proba mixta	A14 A15 A28 B2 C1	3	0	3
Traballos tutelados	A15 A16 B5 B7 C1 C3	1	16	17
Sesión maxistral	A15 A16 A28 B6 C4 C7	16	16	32
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Como complemento das clases maxistras realízanse seminarios adicados á resolución dalgúns dos problemas e cuestións que, previamente terán sido entregados ao estudante. Neles interpretaranse datos e resolveranse problemas reais relacionados con parámetros indicadores da calidade do ar, augas e solo. Tamén se discutirá algún exemplo de puntos críticos no control da calidade dos laboratorios.
Prácticas de laboratorio	O estudante aplicará en mostras reais os conceptos teóricos estudados ao longo do curso e será capaz de contrastar os resultados obtidos coas especificacións da lexislación específica. Ao rematar as prácticas terá que entregar unha memoria do traballo feito que inclúa un informe e/ou análise crítica e detallada sobre os resultados obtidos.
Proba mixta	Constará de afirmacións a validar empregando varias alternativas indicadas, para que o estudante seleccione a que mellor resposte á pregunta. Ademais realizaranse preguntas nas que se deixa un espazo limitado para a súa contestación. Terán que resolverse exercicios numéricos.



Traballos tutelados	O estudante deberá facer un traballo escrito onde se comparen os aspectos principais dos dous sistemas de xestión da calidade nos laboratorios. Para iso deberá estudar previamente a normativa da Unión Europea e as guías de ISO. Segundo o número de estudantes podería ser individual ou en grupo e, inclusive, facer un pequeno debate entre grupos para discutir ideas e aproximacións a un problema.
Sesión maxistral	Abordarán os contidos máis importantes do programa. Para un total aproveitamento das mesmas, recoméndase ao alumno que teña lido previamente os aspectos fundamentais do tema a tratar (nos textos recomendados). Para a impartición das mesmas empregaranse medios audiovisuais e/ou informáticos e fomentárase o diálogo para a correcta comprensión dos contidos, a resolución de dúbidas e o fomento do sentido crítico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Seminario Traballos tutelados	<p>As clases de prácticas de laboratorio están concebidas coma actividades en grupos reducidos nas que o alumno participa directamente. Deste xeito realízase unha atención personalizada dos alumnos permitindo un mellor seguimento e orientación.</p> <p>No caso dos traballos tutelados, programárase unha tutoría para cada grupo de estudantes co gallo de discutir as actividades propostas e resolver dúbidas das mesmas. Deste xeito poderase tamén analizar se o proceso de aprendizaxe do alumno é axeitado.</p> <p>O alumno con recoñecemento de adicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será atendido en réxime de horas de tutorías (previa cita).</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A14 A15 A28 B2 C1	O exame consistirá en preguntas tipo test de resposta única, preguntas de resposta breve e exercicios numéricos e/ou de estudo de casos.	35
Prácticas de laboratorio	A17 A19 A23 A26 B7	Valorárase de forma continua o traballo experimental (destreza, actitude, orde, atención,...) e a memoria entregada.	15
Seminario	A15 A16 B2 B3 B4 B5 B7 C3	Valorárase a participación dos alumnos nas clases, ademais da resolución das cuestións e/ou exercicios plantexados.	15
Traballos tutelados	A15 A16 B5 B7 C1 C3	O traballo será avaliado pola ligazón que se plasme entre os conceptos tratados, a extensión da comparación das normas internacionais baixo análise e pola calidade da redacción	35

Observacións avaliación



O traballo do alumno será avaliado de forma continua e periódica a través da asistencia regular ás actividades avaliáveis, a súa participación nos traballos de seminario, a resolución de cuestións e exercicios expostos polo profesor (que haberán de ser entregados no prazo que se indique), polas prácticas de laboratorio e pola proba mixta.

A realización das prácticas é obrigatoria e a súa non realización impide a superación da materia; ao final das mesma deberán entregar un informe do procedemento, resultados obtidos e interpretación dos mesmos.

O

alumno obterá cualificación de Non Presentado cando faga menos do 25% das actividades avaliáveis.

PRIMEIRA

OPORTUNIDADE

Para superar a materia é preciso obter na proba mixta e nas prácticas unha nota mínima de 5 (sobre 10). A cualificación final da materia non será inferior á nota da proba mixta nin á cualificación resultante de ponderar o resto de actividades avaliáveis.

SEGUNDA

OPORTUNIDADE

Na segunda oportunidade realizarase a proba mixta e manteranse as notas obtidas nas prácticas e seminarios namentras que a calificación obtida na proba mixta nesta oportunidade substituirá á obtida na primeira oportunidade. Para superar a materia nesta convocatoria é preciso obter na proba mixta unha nota mínima de 5 (sobre 10). A cualificación final da materia non será inferior á nota da proba mixta nin á cualificación resultante de ponderar o resto de actividades avaliáveis.

Os alumnos avaliados na segunda oportunidade só poderán optar á matrícula de honra se o número máximo destas para o correspondente curso non se cubriu na súa totalidade na primeira oportunidade.

CONVOCATORIA ADIANTADA

Manteranse as cualificacións do curso anterior pero as porcentaxes serán as do curso en vigor

ESTUDANTES CON RECOÑECIMENTO DE ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL

Aplicanse os mesmos criterios de avaliación indicados anteriormente.

ESTUDANTES CON DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA (de acordo coa normativa da UDC):

O alumno con dispensa académica de exención de asistencia será avaliado segundo os mesmos criterios de avaliación indicados anteriormente (salvo na parte de Seminarios onde se terá en conta soamente a resolución de cuestións/problemas expostos polo profesor). A realización das prácticas facilitarase dentro da flexibilidade que permitan os horarios de coordinación e os recursos materiais e humanos. Isto aplica a ambas as oportunidades.

Na avaliación da materia aplicarase todo o establecido no artigo 14, relativo á Comisión de Fraude e responsabilidades disciplinarias, das Normas de avaliación de graos e másteres da UDC.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- MANAHAN, S.E. (2000). Environmental chemistry. Boca Raton, Lewis- OROZCO, C.; PEREZ, A.; GONZALEZ, n.; RODRIGUEZ, F.J.; ALFAYATE, J.M. (2003). Contaminación ambiental: una visión desde la Química. Madrid : International Thomson Editores- BADIA, A. (2002). Calidad, Modelo ISO9001. Deusto- SAGRADO, S.; BONET, E.; MEDINA, M.J.; MARTIN-BIOSCA, Y (2005). Manual práctico de calidad en los laboratorios. Madrid, AENOR- OROZCO, C.; PEREZ, A.; GONZALEZ, n.; RODRIGUEZ, F.J.; ALFAYATE, J.M. (2003). Problemas resueltos de contaminación ambiental : cuestiones y problemas resueltos . Madrid : International Thomson Editores
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BAIRD, C (2014). Química ambiental. Barcelona, Reverté- F.W. Fifield and P.J. Haines. (2000). Environmental analytical chemistry. Oxford, Backwell Science- JURAN, J.M.; GRZYNA, F.M. (1993). Manuel de control de calidad. Madrid, Díaz de Santos, McGraw Hill- PATNAIK, P (2000). Handbook of environmental analysis chemical pollutants in air, water, soil, and solid wastes. Boca Raton, CRC Press

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química Analítica 1/610G01011

Química Analítica 2/610G01012

Química Analítica Instrumental 1/610G01013

Química Analítica Instrumental 2/610G01014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Química Analítica Avanzada e Quimiometría/610G01015

Materias que continúan o temario

Traballo de fin de Grao/610G01043

Observacións

Ter coñecementos básicos dos métodos clásicos e instrumentais de análise (volumetrías, gravimetrías, métodos de separación, técnicas electroanalíticas, ópticas e cromatográficas). Ter coñecementos, a nivel de usuario, das ferramentas informáticas comúns (follas de cálculo, procesador de textos, navegación pola web, etc). Coñecementos básicos de inglés. Programa Green Campus Facultade de Ciencias Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático. b. De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado, cando sexa posible. - Evitarase a impresión de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías